

Día Europeo das Linguaas

26 setembro



Por iniciativa do Consello de Europa, desde o ano 2001 celébrase o Día Europeo das Linguaas cuxos **obxectivos** xerais son:

- Destacar a importancia da aprendizaxe de linguaas e diversificar a variedade de idiomas que se aprenden co obxectivo de incrementar o plurilingüismo e a comunicación intercultural.
- Promover a riqueza da diversidade lingüística e cultural de Europa, que debemos preservar e potenciar.
- Promover a aprendizaxe permanente de linguaas tanto dentro como fóra dos centros educativos.

Carta Europea das Linguaas Minoritarias

5 novembro

A Carta é un convenio internacional que foi elaborado para dar apoio ao desenvolvemento das linguaas rexionais ou minoritarias, é dicir, axudar ás persoas usuarias destas linguaas a teren a oportunidade de empregalas na escola, no traballo, nos medios de comunicación, no ámbito xudicial, ante a Administración, en ámbitos económicos e culturais etc. Tamén pretende axudar os gobernos a comprenderen o que poden facer para que isto sexa posible.

Diversidade Lingüística en Europa:

En todo o continente europeo existen máis de 225 linguaas nativas.. A Unión Europea é a institución do mundo máis plurilingüe ao recoñecer 24 linguaas oficiais, ás que cómpre sumar arredor de 60 linguaas denominadas rexionais ou minoritarias. Por outra banda, no territorio da Unión fálanse algo máis de 100 linguaas procedentes doutros continentes do mundo que usan a diario persoas inmigrantes.

